



INDUSTRIALIZACIÓN PRÁCTICOS

1 Introducción

Breve presentación do documento e do seu contexto xeral.

- 📌 Que tipo de texto é? (Fonte primaria/secundaria, oficial, xornalístico, político, etc.)
- 🧠 Quen o escribe e para quen? (Autoría e destinatario)
- 🕒 Cando se escribe e en que contexto histórico?
- 🎯 Cal é o tema principal que trata?
- 📌 Por que é relevante este texto para entender o período histórico?

2 Comentario

Análise detallada do contido e relación co proceso histórico.

- 🔍 Identificación e explicación dos elementos clave:
 - 🧩 Que conceptos ou termos históricos aparecen?
 - 🧠 Que ideas principais expresa o autor?
 - ⚖️ Que postura ou intención ten o autor? É obxectivo ou subxectivo?

- 🌐 Contextualización:

- 🌍 Que acontecementos históricos rodean este texto?
- 🏰 Como se relaciona co proceso histórico que se está estudando?
- 👤 Que actores históricos están implicados?

- 🔗 Relación co temario:

- 📚 Que tema ou bloque curricular se está traballando?
- 🧠 Como se conecta este texto coas causas, desenvolvemento e consecuencias do proceso histórico?

3 Conclusión

- Síntese e valoración final.
 - 📄 Que aprendemos deste texto sobre o período histórico?
 - 🌐 Que importancia ten este documento para comprender o tema?
 - 💬 Hai algunha interpretación crítica ou reflexión que se poida engadir?

Evolución do consumo de algodón en rama e de la en bruto en Gran Bretaña (1751–1864)

Medias anuais en toneladas

Período	Algodón en rama	La en bruto
1751–1760	1.300	—
1761–1770	1.700	—
1771–1780	2.300	36.000
1781–1790	8.100	41.000
1791–1800	13.900	—
1801–1814	31.800	45.000
1815–1824	54.800	50.000
1825–1834	105.600	53.000
1835–1844	191.600	56.000
1845–1854	290.000	60.000
1855–1864	369.400	65.000



"Ao construír novas cidades, os propietarios, que na súa maior parte non residían nelas, cederon as terras a especuladores que, ao non estaren freados por ningún tipo de regulación política, construíron para os habitantes máis pobres vivendas que a miúdo carecían das mínimas comodidades necesarias para o benestar e a limpeza : foron amontoados todos en grupos pechados, separados soamente por rúas estreitas e atravesadas por prazolas illadas, vielas e avenidas, onde se permitía que a **sucidade** se acumulase. Ao non estaren as rúas suxeitas á influencia de ningunha norma de ordenación, permitíase que permanecesen sen pavimentar, sen recollida de lixo e, en consecuencia, convertéronse en receptáculos dos desperdicios máis repugnantes."

Westminster Review, 1833. Citado en John Rule, *Clase obrera e industrialización. Historia social de la revolución industrial británica, 1750-1850*, Crítica, Barcelona, 1990, pp. 141-142.



"O rápido e prodixioso **crecemento das manufacturas** neste país nos últimos anos é universalmente coñecido, así como os efectos que dito crecemento tivo sobre a nosa renda e fortaleza da nación; e considerando as **causas inmediatas** deste aumento, verase que se debe principalmente, aparte do fervor da Providencia, ao **espírito de empresa e de laboriosidade** dun pobo libre e culto, entregado ao **exercicio sen restricións das súas capacidades** no emprego dun **vasto capital**; levando ata o máximo o principio da **división do traballo**; apelando a todos os recursos da **investigación científica e da innovación técnica**; e, finalmente, aproveitando os beneficios que se derivan de visitar outros países, non só para crear e consolidar contactos comerciais, senón tamén para obter un coñecemento persoal dos desexos, os gustos, as costumes, os descubrimentos e avances, os produtos e manufacturas doutras nacións civilizadas, e, deste xeito, traendo de volta ideas e realidades, perfeccionando as manufacturas existentes e engadindo outras novas; abrindo ao mesmo tempo novos mercados para os produtos da nosa industria e do noso comercio, e capacitándonos nós mesmos para abastecelos. Só por estes medios, e, sobre todo —a comisión debe repetilo— polos **efectos da maquinaria na mellora da calidade e na redución do custo da fabricación dos nosos diversos artigos exportables**, a pesar dunha carga impositiva crecente e de que o ascenso gradual dos prezos dos bens de primeira necesidade e doutras comodidades da vida produce efectos moi considerables sobre os salarios, o noso comercio e as nosas industrias **manufactureiras creceron tamén nun grao tal que supera os cálculos máis optimistas...**"






Fonte: Informe do Comité sobre o estado das manufacturas laneras de Inglaterra, 1806.



"Quixéramos facer algunhas preguntas a quen defenderán o mantemento destas máquinas. As persoas de bo sentido deben saber que o uso destas máquinas **deixará sen traballo** a quen se dedican ao cardado, é dicir, a quen facían este traballo antes de que se inventasen esas máquinas. **E como poderán manter a súas familias eses homes, a quen se lles quita o seu traballo?** Como poderán ensinar aos seus fillos, de maneira que a xeración posterior poida vivir do seu traballo e non se vexan obrigados a arrastrarse no ocio como vagabundos? Alguén nos podería dicir: **comezade a aprender outro oficio**. Imaxinemos que así o facemos. E quen manterá as nosas familias mentres acometemos tan difícil empeño? E, ademais, durante nosa aprendizaxe podería inventarse outra máquina que nos quitaría tamén este traballo e as nosas familias, que xa estarían medio mortas de fame mentres nós aprendiamos o modo de levarlles o pan, estarano do todo durante nosa terceira aprendizaxe."

Leeds Intelligencer, 13 de xuño de 1786.

LA MECANIZACIÓN DE LA INDUSTRIA TEXTIL



Observa o esquema gráfico e responde o cuestionario que se acompaña:

1. Describe o esquema gráfico adxunto.
2. No gráfico hai debuxada unha lanzadeira volante ¿Que era esta peza? ¿Que desequilibrio produciu a súa aplicación ó tear manual? ¿Por que?
3. ¿Que impulsou a aplicación do tear mecánico de Cartwright? ¿Por que? ¿Que significou para a produción algodoeira inglesa a súa utilización?
4. A aplicación das innovacións tecnolóxicas descritas no gráfico requiren a utilización de enerxía. ¿Que tipo de enerxía empregou a industria téxtil inglesa ata o final da década de 1760? ¿Que forza accionaba a "water frame"? ¿Cal o tear mecánico?
5. Indica e comenta algunhas consecuencias sociais da mecanización da industria textil descrita no esquema gráfico.



"August Thyssen naceu en 1824 en Eschwiller, preto de Aquisgrán; seu pai tiña neste lugar unha pequena industria de produción de arame. Fundou en 1871 en Mulheim, no Ruhr, unha fábrica que, baixo a razón social 'Thyssen e Cía', se transformou na base de todas as empresas. En 1884 Thyssen e Cía adquiriu unha fundición e unha fábrica de máquinas. A medida que ían aparecendo, foi empregando todos os procedementos novos.

A fábrica de Mulheim transformouse en algo xigantesco: 7.000 obreiros e 800 empregados traballan nela e os seus produtos esténdense por todo o mundo. Non obstante, había xa tempo que comprendía que para chegar a adquirir o potencial industrial desexado, necesitaba ser propietario das minas de hulla; puxo os seus ollos en varias concesións, das que puido facerse dono mercando paulatinamente os títulos.

Paralelamente, a súa influencia é total en numerosas e varias sociedades. É administrador da gran sociedade de Gelsenkirchen. Fundou e dirixiu o banco renano de Mulheim..."